

ANÁLISE DE TEXTOS - A POBOACIÓN NO ANTIGO RÉXIME

A pequena crónica de Ana Magdalena Bach.

“A nosa familia non cesaba de aumentar e o berce estaba constantemente ocupado, aínda que, a man estranguladora da morte arrincáranos dela algún dos seus pequenos ocupantes. Houbo tempos, teño que confesalo, en que me parecía cruel levar fillos no ventre para perdelos logo e ter que enterrar amor e esperanzas nas súas pequenas tumbas (...). A maior das miñas fillas, Cristina Sofía, non viviu máis que ata a idade de tres anos, e tamén o meu segundo fillo, Christian, morreu á máis tenra idade. Ernesto Andrés non viviu máis que uns poucos días, e a nena que lle seguiu, Regina Juana, tampouco chegara ao seu quinto aniversario cando deixou este mundo. Cristina Benedicta, que viu a luz un día despois que o do Neno de Belén, non puido resistir o cru inverno e deixounos antes de que o novo ano chegase ao seu cuarto día (...) Cristina Dorotea non viviu máis que un ano e un verán, e Juan Augusto non viu a luz máis que durante tres días. Así perdemos sete dos nosos trece fillos, (...) bondadosas mulleres da veciñanza trataban de consolarme dicíndome que o destino de todas as nais é traer fillos a este mundo para perdelos logo, e que podía considerarme feliz se chegaba a criar a metade dos que dese a luz.”



Adaptación. O fragmento pertence a un libro anónimo, posiblemente do século XIX. A esposa do compositor non foi a autora pero ilustra a vida que levou e o mundo no que se desenvolveu.

Cuestións:

1. Cal é a idea principal do texto? Lembra que non tes que copiar unha frase do texto, nin facer un resumo, senón chegar a unha conclusión sobre a idea xeral.

2. Redacta unha reseña na que inclúas as respostas ás seguintes preguntas. A información non ten que aparecer na reseña nesta orde.

Quen era Ana Magdalena Bach? E o seu marido? Segundo o texto, cantos fillos tiveron? A que idades morreron a maioría deles?

3. Que causaba a mortalidade infantil durante a Idade Moderna?

4. Pensas que o que describe o texto era a realidade que vivían a maioría das familias ou só as pobres? Razoa a túa resposta.

5. Por que as familias tiñan tantos fillos nesta época? Razoa a túa resposta.